

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027782	IES Ordes	Ordes	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	36

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer progresivamente un uso ético da linguaxe, que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe a seguir avanzando no desenvolvemento de todas as competencias abordadas en primeiro curso.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais dos obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben traballar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques: O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 2º de ESO, os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas. Cada unidade iniciarase cun breve sondeo sobre os contidos que se van traballar, o que nos permitirá ter unha idea dos coñecementos precios do noso alumnado.

Nas nove unidades trataranse contidos de distintos bloques, agrupados seguindo sempre o mesmo esquema: comunicación, estudo da lingua e literatura.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, e, de ser o caso dalgúns linguas de procedencia do alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatória e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Diversas e capaces	<p>No apartado de Comunicación traballaremos co léxico dos sentidos e as sensacións; estudaremos as características do texto e os distintos tipos e prepararemos unha exposición oral que cada alumno deberá realizar sobre un tema libre. Traballaremos a comprensión lectora. En canto ao Estudo da Lingua comezaremos repasando os fonemas e as súas características, os encontros vocálicos e analizaremos as linguas no mundo... centrándonos no estudo de conceptos como poden ser lingua minorizada e hexemónica ...</p> <p>No apartado de Literatura centrarémonos nas características da literatura oral e escrita, as características das obras literarias e comezaremos a analizar os recursos estilísticos.</p> <p>Para rematar a Unidade 1 faremos algúns xogos de creación: lipogramas, monovocalismo, tautograma...con eles pretendemos estimular a imaxinación do noso alumnado e poñer a proba a súa capacidade creativa.</p>	10	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Diversas e capaces		10	15	X		
2	Por un mundo máis xusto	<p>No apartado de Comunicación estudaremos o léxico relacionado coa escola, as propiedades textuais. ademais aprenderemos a facer un esquema.</p> <p>En canto ao Estudo da Lingua centraremos na estrutura da palabra e a clasificación da mesma segundo os seus formantes. Repasaremos os casos especiais de acentuación e remataremos co estudo das linguas na Península Ibérica.</p> <p>Os xéneros literarios, os xéneros narrativos e os elementos do xénero narrativo serán os contidos traballados no apartado de Literatura.</p> <p>Para rematar a Unidade 2 realizaremos unha actividade de creación literaria que consistirá en crear un monólogo baseándose nun personaxe da lectura obrigatoria para este 1º trimestre, As lágrimas de Shiva de César Mallorquí.</p>	10	11	X		
3	Saúde: un dereito universal	<p>Traballaremos co léxico relacionado coa saúde e as doenzas, as propiedades textuais(a cohesión)e aprenderemos a facer un resumo no apartado de Comunicación.</p> <p>No Estudo da Lingua centraremos no estudo do substantivo(xénero e número), así como as funcións sintácticas que pode exercer; repasaremos a acentuación diacrítico.En último lugar ,centraremos na relación entre a nosa lingua e o portugués.</p> <p>O teatro e as súas características, a representación teatral, as técnicas de representación ... serán motivo de estudo no apartado de Literatura.</p> <p>Propoñeremos como actividade para esta unidade a reelaboración dunha obra coñecida, cambiando o argumento a personalidade dun personaxe ou o argumento (elaboración dun acto).</p>	10	11	X		
4	María Casares	<p>O coñecemento das características do texto narrativo(tipos de narración, estrutura, características lingüísticas, o narrador), así como o estudo da noticia e do léxico relacionado coas viaxes serán motivo de estudo no apartado de Comunicación desta unidade.</p> <p>No que se refire á literatura nesta unidade analizaremos o conto(características, tipos e estrutura).</p> <p>En canto á reflexión sobre a lingua,</p>	10	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	María Casares	<p>atenderase especialmente o estudo do adxectivo: clasificación, xénero e número , graos do adxectivo, conxuncións comparativas, formación do grao superlativo e a frase adxectiva. Repasaremos os signos de puntuación e os seus usos(dous puntos, puntos suspensivos, comiñas e a raia)e traballaremos coa lingua de signos.</p> <p>Para rematar esta unidade realizaremos unha actividade a partir da canción Quérote máis de O sonoro Maxín acompañada de lingua de signos; intentaremos aprendela e cantala en grupo.</p>	10	11		X	
5	Natureza grandiosa	<p>Traballaremos co texto expositivo: estrutura, características lingüísticas e tipos de textos); as relacións de hiponimia e hiperonimia(repasando o campo semántico) e estudaremos o léxico relacionado coas árbores e os seus froitos. En canto ao Estudo da Lingua, centrarémonos no pronome persoal (pronomes átonos, contraccións e colocación), continuaremos co uso das maiúsculas e minúsculas. Para rematar, trataremos o tema do galego na actualidade.</p> <p>A novela de aventuras, histórica, fantástica, realista, ciencia-ficción, policial, misterio, terror...serán motivo de estudo no apartado de Literatura.</p> <p>Levaremos a cabo como actividade desta unidade a creación dunha historia que siga unha pautas moi concretas: uso de determinadas palabras, verbos nun determinado tempo, situación concreta...e usando determinadas técnicas, por exemplo a analepse.</p>	10	11		X	
6	Cero plásticos	<p>Nesta unidade traballaremos co léxico da paisaxe mariña, a polisemia, o texto argumentativo e as súas características (centrándonos no anuncio publicitario) no apartado de comunicación.</p> <p>O verbo: constituíntes, formas nominais. modos e tempos verbais. Os verbos regulares e irregulares ocuparán a maior parte do Estudo da Lingua. Tamén estudaremos os usos da diérese e os grupos cultos -cc- e -ct- e analizaremos os prexuízos lingüísticos.</p> <p>Na parte correspondente á Literatura</p>	10	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Cero plásticos	veremos os distintos tipos de poesía (lírica, épica, narrativa e dramática) centrándonos na poesía lírica e as súas características e clasificación temática. Realizaremos como actividade creativa un acróstico que ilustraremos e expoñeremos nos corredores do noso centro.	10	11		X	
7	En acción polo clima!	<p>Ao comezo da unidade estudaranse as características dos textos xonolísticos, centrándonos no artigo de opinión e na noticia; continuaremos coa oración e a súa clasificación así como as modalidades oracionais. Concluiremos o apartado de Comunicación co estudo do léxico relacionado co tempo metereolóxico e a relación de sinonimia. Así mesmo no apartado de Ortografía centraremos no uso do -b- e o -v-.</p> <p>A normalización e normativización serán o centro de estudo no apartado de Lingua e Sociedade.</p> <p>E por último, traballaremos co versificación e os recursos estilísticos no apartado de Literatura.</p> <p>Realizaremos unha actividade colectiva: creación dun poema a partir dunha serie de metáforas sobre uns termos concretos. Convertiremos os nosos versos en graffitis(sobre cartolina) e encheremos de poesía a aula.</p>	10	11			X
8	En rede	<p>Comezaremos traballando co texto dixital(características, a netiqueta e tipos de textos) e co léxico relacionado con Internet e o mundo dixital.</p> <p>Iniciáronos nas funcións sintácticas : suxeito e predicado. Estudaremos as distintas variedades lingüística e a variedade estándar. En canto ao apartado de Ortografía centraremos no uso do -h-. En canto a sección de Literatura, trataremos a lírica tradicional e a lírica culta (características, principais diferenzas...) e centraremos nas cantigas populares. Como actividade creativa, propoñeremos un xogo poético: o cadáver exquisito. Trátase dun xogo ideado polos poetas surrealistas para realizar obras experimentais, sen ter en conta as regras</p>	15	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	En rede	da creación artística.	15	11			X
9	Cantar e celebrar	<p>Traballamos co léxico relacionado coa música e os modismos e frases feitas para relacionalo co estudo da canción (compoñentes, xéneros,, tipoloxías textuais, temática, letra, recursos...).</p> <p>No Estudo da Lingua centrarémonos nas funcións sintácticas(CD, CI, CC, CAX, SUP, ATR...), practicaremos o uso do -s- e o -x- e o -n- e o -ñ-. Tamén será nesta unidade cando vexamos as variedades xeográficas do galego.</p> <p>Remataremos a unidade coa conexión entre literatura e outras artes(artes plásticas, música,cine, fotografía, danza...). A última actividade creativa do curso consistirá na elaboración dun fotopoema.</p>	15	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Diversas e capaces	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece a realidade lingüística da Península e analiza a situación das lingua a partir de dous criterios: número de falantes e prestixio e papel na sociedade.	PE	80
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuizos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado é quen de identificar prexuizos e estereotipos lingüísticos.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p. ex. web do centro) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e redacta textos sinxelos seguindo as pautas marcadas.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os textos propios e fai propostas de mellora.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado realiza distintas análises de textos diversos e é quen de expresar a súa opinión sobre argumentada sobre eles.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado distingue a categoría gramatical e o significado de parellas de palabras que se diferencian polo timbre aberto ou pechado da vogal tónica e sabe clasificar correctamente os encontros vocálicos..		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado é quen de localizar, seleccionar e contrastar información e adopta un punto de vista crítico.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado é capaz de revisar os seus propios textos e facer propostas de mellora.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua, concretamente sobre os fonemas vocálicos e consonánticos propios da lingua galega.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha exposición oral seguindo as pautas marcadas.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa de forma activa nas distintas actividades de carácter oral facendo uso das estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica e argumenta de forma clara a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.

Contidos

- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Por un mundo máis xusto	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoo en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece as distintas linguas da Península Ibérica e os rasgos ou características básicas.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado acentúa correctamente(ditongos, tritongos e hiatos) e outros casos especiais de acentuación.	PE	90
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os propios textos e fai propostas de mellora.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante dos textos pertencentes aos distintos xéneros literarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado recoñece e valora algúns recursos expresivos e/ou figuras estilísticas presentes nos textos cos traballamos na aula, pertencentes aos distintos xéneros literarios.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado identifica as distintas clases de palabras e os seus formantes.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado é quen de producir un monólogo expresando sentimentos, relatando feitos acaecidos ou amosando as súas propias circunstancias persoais.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
3	Saúde: un dereito universal	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece a orixe común do galego e portugués e coñece as principais diferenzas entre eles. Identifica sobre un mapamundi os distintos países lusófonos.	PE	65
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado realiza e interpreta un resumo realizado sobre os contidos traballados na unidade.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é quen de elaborar ou analizar un texto sinxelo baseándose nos distintos procedementos de cohesión.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado coñece os distintos procedementos de formación de xénero e número.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado é capaz de realizar unha exposición sobre temas diversos con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado elabora de forma individual traballos de investigación propostos sobre distintos temas de interese. Debe seleccionar a información máis relevante e indicar correctamente as fontes consultadas.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado é quen de aplicar os coñecementos sobre o xénero dramático e realizar unha versión teatral sinxela en pequenos grupos (baseándose nalgún texto xa existente).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	María Casares	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado recoñece, en textos dados, as características formais e a estrutura de textos narrativos así como as súas características lingüísticas .	PE	80
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é quen de analizar o contido e a forma dunha noticia.		
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado interpreta e é quen de elaborar unha gráfica sinxela.		
